



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 30 DE XUÑO DE 2017 DE CREACIÓN DO COMITÉ DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 30 de xuño de 2017 de creación do Comité de Seguridade da Información”, emite o seguinte:

INFORME

1.Marco normativo e competencial

A Orde do 30 de xuño de 2017 creou o o Comité de Seguridade da Información adscrito á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como un órgano colexiado dos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O devandito órgano responde a necesidade de garantir os dereitos relativos á seguridade e confidencialidade dos datos das persoas que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas recollidos no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para dar cumprimento a ese artigo, a Xunta de Galicia conta coa Política de Seguridade da Información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aprobada polo Consello da Xunta, e publicada na resolución do 10 de xullo de 2015 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se dá publicidade á política de seguridade da información da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No punto 5.5.b) desta política, introdúcese a figura do Coordinador/a de Seguridade da Información, quen asume a coordinación dos asuntos relativos á seguridade da información dentro do seu ámbito de actuación. Esta figura defínese con máis precisión no modelo de roles e responsabilidades aprobado pola Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico, onde se recomenda que as súas funcións sexan asumidas por un órgano colexiado, previsión posteriormente recollida no punto Dous do Decreto 169/2016, do 24 de novembro, polo que se modifica o Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados





con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Como consecuencia desta normativa ditouse a Orde do 30 de xuño de 2017 de creación do Comité de Seguridade da Información, que ten como ámbito de actuación *"os aspectos relativos á seguridade da información requiridos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola lexislación aplicable, pola normativa de protección de datos de carácter persoal e outras, así como pola normativa corporativa de maior nivel, e que non sexan competencia da Amtega ou das unidades TIC con competencias non asumidas por esta"*.

2. Acerto e oportunidade

A Orde do 30 de xuño de 2017 creou o o Comité de Seguridade da Información adscrito á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como un órgano colexiado dos previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na súa composición figuran persoal tanto das áreas de educación como de cultura, patrimonio cultural e política lingüística, abarcando así todo o ámbito competencia da extinta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, supuxo a extinción da antiga Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a creación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que asume como prioridade básica a xestión do sistema educativo sostido con fondos públicos e da Consellería de Cultura e Turismo.

O Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, desenvolveu a dita estrutura determinando nun segundo nivel organizativo os órganos superiores e de dirección e as diversas entidades do sector público en que se estruturan as diversas consellerías que foron obxecto de reordenación.

Ao abeiro destes decretos aprobouse o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que desenvolveu os decretos anteriores fixando a estrutura orgánica da nova Consellería.





3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, consta no expediente:

- Unha memoria económico-financeira e xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Unha táboa de vixencias.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Consellería, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Debe sinalarse que o anteproxecto de orde de referencia trátase dunha disposición puramente organizativa, e excepciónada polo tanto dos trámites consulta previa e de audiencia e información pública previstos no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, que no seu apartado 4 sinala que *“Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.”*

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse informes á Secretaría Xeral de Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

A Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o seu informe de impacto de xénero o 2 de agosto de 2019 e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o 7 de agosto de 2019.

O texto someteuse tamén á Asesoría Xurídica da Consellería que emitiu o seu informe favorable o 3 de setembro de 2019.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



4. Legalidade

O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se considera que se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala

